

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de abril de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas de cinco minutos do día once de abril de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(357).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(358).- SUSPENSIÓN TEMPORAL DO INICIO DAS OBRAS DE "HUMANIZACIÓN RÚA MARQUÉS E VALTERRA". EXPTE. 2592/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 10.04.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

En data 8 de agosto de 2013, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, acorda a aprobación do proxecto de Humanización da Rúa Marqués de Valterra, co expediente 2.390/443, cun orzamento base de licitación de 211.000 (douscentos once mil) Euros.

Con data 27 de decembro de 2013 a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar as obras á contratista "C. ALDASA S.L.U."

Con data 14 de xaneiro de 2014 asíñase acta de comprobación de replanteo.

Antes do comezo das obras o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Fomento declara a urxencia da execución das obras de renovación das redes de saneamento e abastecemento no casco urbano, entre as que se atopaban as correspondentes a dita rúa. Estas obras están suxeitas á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia por estar no ámbito dunha zona de protección arqueolóxica, sen que ata o día da data, dita autorización se teña recibido.

Polo tanto é preciso retrasar as obras contratadas con "C.ALDASA, S.L.U." ata que, previa autorización referida, executense as obras no subsolo da rúa.

Esta circunstancia púxose en coñecemento do contratista con data 19 de marzo de 2014 por parte do Xefe da Área, D. Álvaro Crespo Casal, en escrito no que se lle indicaba que a previsión do seu inicio preveíase ao longo do mes de setembro de 2014.

Con data 20 de marzo de 2014 o contratista comunica a este Concello a aceptación da suspensión e que se fixe o comezo das obras na data indicada, renunciando a solicitar a resolución do contrato e a calquera compensación por danos e prexuízos polo dito motivo.

O artigo 213 do T.R.L.C.S.P establece a este respecto que se o retraso fóra producido por motivos non imputables ao contratista e éste se ofrecera a cumprir os compromisos dándolle prórroga do tempo que se tiña sinalado para a execución do contrato, concederáse pola Administración un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, ao non ser que o contratista pedira outro menor.

A competencia para acordar a suspensión das obras corresponde ao órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, de conformidade co previsto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Por todo o anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Director Facultativo da obra de data 19 de marzo de 2014, e o informe do Asesor Xurídico da Área de Fomento de data 9 de abril, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Autorizar según o acordado coa empresa adxudicataria a suspensión temporal do inicio da obra "Humanización da Rúa Marqués de Valterra", expte. 2390-443, ata que sexa renovada a rede de saneamento que actualmente se atopa deteriorada e discorre baixo a beirarrúa a executar coa humanización. Estando previsto o remate da obra de saneamento a finais do mes de agosto, co cal, e dado que o prazo de execución da obra de humanización é de dous meses, a súa finalización trasládase a finais do mes de setembro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(359).- PROXECTO E CUSTES ASOCIADOS PARA EXECUTA-LAS OBRAS "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE 2". EXPTE. 2542/443.

Visto o informe de fiscalización, do 10.04.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 8.04.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o pasado 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do citado acordo, establécese o compromiso por parte da entidade concessionaria do servizo de levar a cabo a execución do Plan de Inversións según as cuantías e pra-

zos que se indican no citado documento. Dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013 se acorda incluír o proxecto de Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Parroquia de Teis. Fase 2.

Tendo en conta a orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento de data 29 de xullo de 2013, na que declara de urxencia e execución inaprazable o proxecto de Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Parroquia de Teis. Fase 2. , acórdase incluír o mesmo dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013.

A Xunta de Goberno Local de data 2 de agosto de 2013, acorda encargarse á empresa Aqualia a redacción do proxecto de referencia.

Con data marzo de 2014, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA" presentou proxecto redactado por Galaicontrol para a Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Parroquia de Teis. Fase 2. , por un importe total de 77.217,53 € (IVE excluído).

Con data 7 de abril, o Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castañón informa ao respecto indicando que os prezos das distintas unidades son adecuados atendendo ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria aprobado en Xunta de Goberno Local de data 22 de marzo de 2013, e aos prezos xerais do mercado.

Ao mesmo tempo e en data 7 de abril a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA", presenta os costes asociados ao proxecto por un importe de 3.241,18 € (IVE excluído), detallados do seguinte xeito:

• Redacción do proxecto	1.297,77 €
• Asistencia técnica.....	1.297,77 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	324,44 €
Suma.....	2.919,98 €
11 % Gastos Xestión.....	321,20 €
Total (IVE excluído).....	3.241,18 €

O Enxeñeiro Industrial, D. Jerónimo Centrón Castañón, indica no seu informe de data 7 de abril que as porcentaxes respecto do PEM do proxecto correspondense cos ratios que utiliza a Área de Fomento.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo PROPOSTA:

1º.- Aprobación do proxecto para executa-las obras de Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Parroquia de Teis. Fase 2. , por un importe total de 77.217,53 € (IVE excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

2º.- Aprobar os costes asociados ao proxecto por importe de 3.241,18 € (IVE excluído) dacordo co seguinte detalle:

• Redacción do proxecto	1.297,77 €
• Asistencia técnica.....	1.297,77 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	324,44 €
Suma.....	2.919,98 €
11 % Gastos Xestión.....	321,20 €
• Total (IVE excluído).....	3.241,18 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(360).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DA OBRA DE REMODELACIÓN DO MERCADO DO BERBÉS. EXPTE. 1585/440.

Visto o informe de fiscalización, do 11.04.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.04.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en Sesión Extraordinaria e Urxente de data 28/12/2012 acordou a adjudicación a Construcciones Ramírez SLU da obra que a continuación se indica e que ten carácter plurianual:

<i>Expte. 1.585/440</i>		<i>Remodelación do Mercado do Berbés.</i>		
<i>Ano</i>	<i>2012</i>	<i>2013</i>	<i>2014</i>	<i>total</i>
<i>Existente</i>	<i>478.250,25 €</i>	<i>850.000,00 €</i>	<i>415.656,90 €</i>	<i>1.743.907,15 €</i>

O artigo 96 do R.D. 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións públicas establece o seguinte:

“ Artículo 96 Reajuste de anualidades

1. Cuando por retraso en el comienzo de la ejecución del contrato sobre lo previsto al iniciarse el expediente de contratación, suspensiones autorizadas, prórrogas de los plazos parciales o del total, modificaciones en el proyecto o por cualesquiera otras razones de interés público debidamente justificadas se produjese desajuste entre las anualidades establecidas en el pliego de cláusulas administrativas particulares integrado en el contrato y las necesidades reales en el orden económico que el normal desarrollo de los trabajos exija, el órgano de contratación procederá a reajustar las citadas anualidades siempre que lo permitan los remanentes de los créditos aplicables, y a fijar las compensaciones económicas que, en su caso, procedan.

2. Para efectuar el reajuste de las anualidades será necesaria la conformidad del contratista, salvo que razones excepcionales de interés público determinen la suficiencia del trámite de audiencia del mismo y el informe de la Intervención.

3. En los contratos que cuenten con programa de trabajo, cualquier reajuste de anualidades exigirá su revisión para adaptarlo a los nuevos importes anuales, debiendo ser aprobado por el órgano de contratación el nuevo programa de trabajo resultante.”

Analizadas as distintas fases da obra, e atendendo ao citado artigo, é necesario axustar as anualidades ao volumen de obra completa de tal xeito que respondan a unha previsión real das obras a executar en cada exercicio.

Atendendo ás previsións da aprobación do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014, así como as distintas fases da obra a executar no tempo que reste do ano 2014, é necesario axustar as anualidades para acomodalas á viabilidade de execución desta obra no ano 2014.

Por tal motivo, propónse que os importes económicos de cada anualidade sexan os seguintes:

Expte. 1.585/440

Remodelación do Mercado do Berbés - Construcciones Ramírez SLU

Partida orzamentaria: 4310.632.00.00

<i>Ano</i>	<i>2012</i>	<i>2013</i>	<i>2014</i>	<i>2015</i>	<i>Total</i>
<i>Existente</i>	<i>478.250,25 €</i>	<i>850.000,00 €</i>	<i>415.656,90 €</i>	<i>-</i>	<i>1.743.907,15 €</i>

Reaxuste 12/06/13	478.250,25 €	181.053,09 €	1.084.603,81 €	-	1.743.907,15 €
Reaxuste 2014-2015	478.250,25 €	181.053,09 €	300.000,00 €	784.603'81 €	1.743.907,15 €

Comunicado o reaxuste á empresa afectada ésta da a súa conformidade coas novas anualidades propostas e manifesta que renuncia a calqueira tipo de compensación económica, según se recolle no escrito que se achega.

Por todo o anteriormente exposto, e previo informe da Oficina de Intervención, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Aprobar a modificación das anualidades da obra que a continuación se indica e dacordo coa táboa que se achega:

Expte. 1.585/440 - Remodelación do Mercado do Berbés - Construcciones Ramírez SLU

Partida orzamentaria: 4310.632.00.00

Ano	2012	2013	2014	2015	Total
Existente	478.250,25 €	850.000,00 €	415.656,90 €	-	1.743.907,15 €
Reaxuste 12/06/13	478.250,25 €	181.053,09 €	1.084.603,81 €	-	1.743.907,15 €
Reaxuste 2014-2015	478.250,25 €	181.053,09 €	300.000,00 €	784.603'81 €	1.743.907,15 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(361).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA MOAÑA”. EXPTE. 2588/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 8.04.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

Obra: “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA MOAÑA”. Expte. 2342/443.

Localidade e situación: RÚA MOAÑA.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D^a TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL, D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Contratista titular do plan: AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D^a TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ (AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.).

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. OSCAR PEREIRO TAIBO (CSM, GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, SL.).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA MOAÑA".
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(362).- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS "RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA MOAÑA". EXPTE. 2589/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.04.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

Obra: "RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO NA RÚA MOAÑA". Expte. 2342/443.

Localidade e situación: RÚA MOAÑA.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D^a TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ.

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 14 de marzo de 2014 aprobou o PROXECTO DE RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA MOAÑA, cun orzamento de base de licitación de 662.460,42 € lve excluído, con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- *Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnico Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria "AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(363).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE I". EXPTE. 2595/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.04.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

Obra: "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE I". Expte. 2519/443.

Localidade e situación: PARROQUIA DE TEIS.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Contratista titular do plan: AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. LUIS VICENTE VILAR MONTORO.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: DNA. CARMEN VÁZQUEZ RIVAS (ENMACOSA).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ (AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA).

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Ilo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE I".*
- 2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.*

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adjudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(363).- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE I". EXPTE. 2596/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.04.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 7 de marzo de 2014 aprobou o PROXECTO BÁSICO DE "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE I", cun orzamento de base de licitación de 772.672,79 € (Ive excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC. En sesión ordinaria de data 27 de marzo de 2014 a Xunta de Goberno Local acordou a adjudicación da mencionada obra a Aqualia Infraestructuras, SA.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria "AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(364).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS DAS OBRAS "EXECUCIÓN DE REDE SEPARATIVA DE FECAIS E PLUVIAIS NA RÚA ARENAL, ENTRE O Nº 106 E MIRAGAIA". EXPTE. 2597/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.04.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

Obra: "EXECUCIÓN DE REDE SEPARATIVA DE FECAIS E PLUVIAIS NA RÚA ARENAL, ENTRE O NÚMERO 106 E MIRAGAIA". Expte. 2345/443.

Localidade e situación: RÚA ARENAL.

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO.

Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS

Contratista titular do plan: AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto:----.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO.

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: DNA. CARMEN VÁZQUEZ RIVAS (ENMACOSA).

Autor/a do plan de Xestión de Residuos de Construcción e Demolición: D. MIGUEL ÁNGEL PAYÁ GONZÁLEZ.

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

-Plan de Xestión de Residuos, considérase que reúne as condicións técnicas requiridas polo R.D. 105/2008 para súa aceptación. O devandito plan formará parte dos documentos contractuais da obra xunto aos que acreditan a correcta xestión de residuos, facilitados á Dirección Facultativa polo posuidor e o xestor dos residuos.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Preven-

ción e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "EXECUCIÓN DE REDE SEPARATIVA DE FECAIS E PLUVIAIS NA RÚA ARENAL, ENTRE O NÚMERO 106 E MIRAGAIA".
2. Aceptación do plan de Xestión de Residuos da mencionada obra.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(365).- NOMEAMENTO DE DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS "EXECUCIÓN DE REDE SEPARATIVA DE FECAIS E PLUVIAIS NA RÚA ARENAL, ENTRE O Nº 106 E MIRAGAIA". EXPTE. 2598/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 10.04.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

Obra: "EXECUCIÓN DE REDE SEPARATIVA DE FECAIS E PLUVIAIS NA RÚA ARENAL, ENTRE O NÚMERO 106 E MIRAGAIA". Expte. 2345/443.

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 14 de marzo de 2014 aprobou o PROXECTO BÁSICO DE "EXECUCIÓN DE REDE SEPARATIVA DE FECAIS E PLUVIAIS NA RÚA ARENAL, ENTRE O NÚMERO 106 E MIRAGAIA", cun orzamento de base de licitación de 58.882,78 € (Ive excluído), con cargo ao Plan de Inversións recollido na prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC. En sesión ordinaria de data 4 de abril de 2014 a Xunta de Goberno Local acordou a adxudicación da mencionada obra a Aqualia Infraestructuras, SA.

Se prevé o comezo das obras de inmediato, polo que faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JERÓNIMO CENTRÓN CASTAÑOS.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria "AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, SA."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.